



## **ACTA**

### **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS 2016**

Lugar: Domicilio social da Asociación - O Souto 8 baixo, Sigrás. 15181. Cambre, A Coruña.

Data: Venres 29 de xaneiro de 2016

Convocados a tal efecto, reúnese a Asemblea Xeral de socios de Sementeira Cambre, en segunda convocatoria, coa presenza de 25 socios.

Sendo as 20:30 h, o presidente inicia a asemblea pasando a expoñer os distintos puntos orden do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da anterior asemblea Xeral.** O secretario procede á lectura da acta da asemblea xeral ordinaria celebrada en xaneiro de 2015. Aprobada por maioría, con 6 abstencións.
2. **Informe de actividades do ano 2015 e planning actividades da escola e a banda 2016.** O secretario procede á lectura da memoria das actividades do 2015 e o planning das actividades do 2016. Apróbanse por unanimidade.
3. **Xestión económica ano 2015.** O Tesoureiro da conta de todos os movementos de económicos do ano 2015. Apróbase por unanimidade a xestión económica da Asociación do ano 2015.
4. **Aprobación do presuposto para o ano 2016.** O tesoureiro presenta o presuposto de ingresos e gastos para o ano 2016. Apróbase por unanimidade.
5. **Situación das relacións co concello de Cambre.** O presidente expón á Asemblea a situación actual das relacións co concello de Cambre, co continuo retraso na firma do convenio de colaboración anual e o conseguinte retraso no cobro da cuantía económica acordada, que no ano 2015 baixou de 55.000 € a 43.000 €. Isto provoca un claro

*DIEGO GONZÁLEZ  
Secretario*



desaxuste nas contas do que o concello é coñecedor e estamos á espera de reunirmos con eles para atopar solucións e novas formas de financiamento, tanto para a Escola como para a Banda de música.

6. **Rogos e preguntas.** O presidente expón a Asemblea que a banda non dispón dun lugar interior para facer as súas actuacións. Nos últimos anos víñanse realizando no Local "La Juventud de Cecebre", pero o concello púxose en contacto con nós para darnos a coñecer a existencia dun informe técnico sobre dito local que imposibilita facer actuacións alí, polo que declinamos seguir usando esas instalacións, agradecendo á Asociación propietaria do local a súa colaboración cedéndonolo en cada ocasión en que o solicitamos.

A continuación ábrese un debate na Asemblea, con comentarios e puntos de vista diversos:

- É necesario informar e comentar entre todos os implicados na entidade (socios, alumnado, nais e pais, profesores, músicos da banda e xunta directiva) a situación actual e tomar as decisións oportunas para ter unha implicación seria, regular no tempo e viable co concello de Cambre.
- Proponse informar nos venres musicais e na reunión de horarios de xuño a alumnado, nais e pais, da situación da entidade, a través da lectura dun escrito que sintetice a problemática existente.
- Proponse facer unha "protesta musical" diante do concello, e/ou recollida de sinaturas.

Quedamos á espera da reunión co concello para, en función do resultado, tomar as medidas oportunas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 22:00 h.

O Secretario  
Diego González Lesta

Vº Bº O presidente  
Marcelino Isidro Fernández Vázquez